Por outra, é importante subliñar as numerosas actividades que se realizan ao longo do curso para favorecer un clima de convivencia positiva: momentos para a convivencia grupal e intergrupal, proxectos interdisciplinares e interciclos, celebracións, obradoiros coas familias, traballo colaborativo, traballo cooperativo, asambleas, actos académicos...

Respecto aos documentos propiamente relacionados co ámbito da convivencia enumeramos os seguintes:

- PLAN DE CONVIVENCIA
- CÓDIGO DE CONDUCTA DO PROFESORADO
- REXISTRO DE AUSENCIAS E RETRASOS
- REXISTRO DE PARTES DE INCIDENCIAS
- REXISTRO DE EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS
- REXISTRO DE APERTURA DE PROTOCOLO ABSENTISMO
- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- PLAN DE ANIMACIÓN PASTORAL
- RRI
- NOF
- PXA
- PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS
- PEI
- Cuestionarios para a avaliación da convivencia no centro.
- Modelos de entrevista, enquisa, sociogramas...
- Promoción dos Dereitos e deberes de alumnos, profesores, PAS e familias

- ...

Respecto á organización do centro no ámbito da convivencia cómpre sinalar que aínda que toda a comunidade educativa ten a responsabilidade de favorecer un bo clima de convivencia hai funcións propias para garantir isto:

- Xefatura de Estudos
- Coordinador do Servizo de Orientación
- Comisión de Convivencia
- Titores
- Profesorado

2.4 Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas

A *Misión e Valores* do proxecto educativo do colexio San José-FEC teñen como piares esenciais para o desenvolvemento da persoa na súa totalidade a cultura do encontro con un mesmo, cos outros, coa contorna e con Deus. Por iso, as actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia baséanse na escoita, no diálogo e na resolución pacífica dos conflitos mediante procedementos de conciliación, acordos de compromiso de cambio de conduta, e entrevistas persoais que profesores, titores ou membros do equipo directivo manteñen tanto con alumnos como con familias.

Como accións facilitadoras da sociabilización nos distintos ámbitos cómpre subliñar:

- A mestura de grupos tanto en E Primaria como en Educación Secundaria, respectando sempre que nos grupos nos que esto acontece ninguén quede aillado. Isto parece ser máis conflictivo de cara aos pais que para os nenos, xa que estes adáptanse facilmente.
- As entrevistas grupales coas familias do grupo - clase cos/cas titores/as durante o curso.
- O Proxecto Vertical no que participan todas as etapas educativas do colexio.
- As actividades interdisciplinares e interetapas entre o alumnado e o profesorado.
- Fomento do traballo cooperativo tanto no caso do traballo do alumnado como do profesorado e nas reunións coas familias.
- Promoción do traballo en grupo: gran grupo, pequeno grupo, parellas...
- As reunións dos delegados de aula ao fin do trimestre.
- As reunións dos diferentes equipos de traballo tanto por parte do alumnado como do

profesorado: reunións de coordinación, formacións, reunións de plans...

É importante subliñar que o servizo de Plataforma facilita unha rápida intervención en calquera situación.

Concreción das accións no ámbito alumno-alumno:

- No caso de alcumes e insultos: apoiar ao alcumado. Tamén se esixe que ante o insulto se lle pida perdón e abórdase a situación desde as titorías. Cómpre a intervención titorial para traballar o respecto, as diferenzas e o apoio grupal cara ao alumnado alcumado.
- No caso de formación de grupos pechados cuxos membros teñen escasa relación con outros nenos e nenas e que impiden a integración no mesmo doutros rapaces e rapazas: falar coas familias para salientar a importancia dunha socialización máis aberta e os perigos de illamento social e persoal que este tipo de grupos comporta.
- No caso de alumno/as líderes que manexan aos rapaces e rapazas de xeito negativo xerándose, entón, condutas disruptivas: dialogar con eles e elas para que sexan conscientes das súas condutas e plantexarlles un acordo de cambio de conduta: falar coas familias para establecer canles de colaboración e entre todos e marcar firmemente as condutas de liderado negativo que se observen.

En cursos superiores, cómpre facer unha abordaxe de tipo grupal para implicar a todo o grupo clase.

Concreción das accións no ámbito profesor-alumno:

- No caso de falta de respecto cara ao profesor: conversacións individuais tanto por parte do titor/a, xefe/a de estudos ou director/a para facer seguemento da situación e entrevistas coas familias. Resáltase como moi importante nestas situacións a titoría individualizada e coñecer as problemáticas dos rapaces.
- No caso de faltas de puntualidade, especialmente na ESO e no BAC: deixar aos alumnado sen un tempo concreto de recreo, facelos vir polas tardes, falar coas familias... A eficacia destas medidas é bastante desigual e temos observado, tamén, que con algunhas persoas, da igual as medidas que se tomen.
- No caso do alumnado reincidente en condutas disruptivas: amonestacións verbais e medidas correctoras, traballo co titor/a, compromiso de cambio de conduta... En primeiro lugar, sempre se procura o contacto coa familia para que estea ó corrente e colabore co centro na erradicación deste tipo de condutas. Resulta favorable facer aos compañeiros e compañeiras deste alumnos reincidentes partícipes e aproveitar a acción dos líderes naturais da clase para axudar a reconducir esta situación.

Cómpre subliñar que se calquera das accións disruptivas mencionadas non se reconducen, iniciase expediente disciplinario ao/s alumno/s implicados.

Concreción das accións no ámbito profesor-familias:

Neste ámbito hai unha percepción distinta por parte do profesorado e as familias tanto no que respecta ao comportamento do alumnado coma no seu rendemento académico. Ante isto, en algúns casos fálase coas familias resaltando condutas positivas dos seus fillos e fillas para conseguir maior receptividade, manifestando de modo explícito que o profesorado ten como misión ser un colaborador na formación integral do alumnado.

É certo que ás veces, atopámonos con un perfil de familia que sistemáticamente defende as actuacións dos seus fillos e fillas devaluando así a actuación do profesorado.

Percibimos que da resultado a comunicación a través do servizo de Plataforma ou con notificacións a través do alumnado para na visita cos familias facerlles ver que o alumnado non conta sempre todo o que acontece na escola ou o que contan é dun xeito distorsionado.

Tamén é importante o tempo compartido entre familia-profesorado-alumnado nos obradoiros que se organizan en Educación Infantil e Primaria para observar as reaccións dos seus fillos e fillas noutro contexto. Ábrese así unha oportunidade para as familias para que comproben por elas mesmas as condutas dos menos e nenas.

No caso do alumnado de cursos superiores resulta importante que estes estean presentes nas entrevistas coas familias.

Concreción das accións no ámbito profesor-profesor:

O conflito máis frecuente, en ocasións, ten que ver coa pouca claridade na comunicación: tanto do profesorado entre eles mesmos coma entre a dirección e o profesorado. Isto provoca o descoñecemento dalgunha información e causa malestar. Búscase, entón, maior fluidez nas comunicacións e aportar máis ou mellor información coa mediación doutros membros da comunidade educativa, por exemplo. Seguimos a favorecer o traballo vertical entre distintos grupos de profesores xa que se considera moi positivo.

FEITA A ANÁLISE DO CLIMA DE CONVIVENCIA NO CENTRO EN FEBREIRO 2022 CONCLUIMOS QUE CÓMPRE TER EN CONTA:

1. Ver a forma de aumentar a participación de toda a comunidade educativa nas enquisas.
2. Concienciar ao alumnado da seriedade que implica cumprimentar a enquisa para obter datos válidos que axuden a tomar decisións axeitadas.
3. Resaltar que a comunidade educativa que participou na enquisa sabe qué facer ante un caso de violencia de xénero.
4. Cabe mencionar que hai marxe de mellora nos resultados respecto as seguintes cuestión:
 - .- emprego da linguaxe non sexista,
 - .- erradicación de comentarios ofensivos ou bromas sobre a aparencia ou condición sexual de calquera membro da comunidade educativa,
 - .- manexo de materiais que presentan unha imaxe ancestral da muller

Polo tanto, procuraranse estratexias para traballar estes aspectos.

5. Ter en conta, para a elaboración da vindeira enquisa, as observacións que nos achegan.

FASE 3ª DE CONCRECIÓN DO PLAN: QUE QUEREMOS, COMO O FAREMOS, QUE NECESITAMOS E APLICAMOS.

CONCRECIÓN DO PLAN

2.3.1. OBXECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN

O plan de convivencia, que terá como referentes os fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes, recollidos no artigo 3 da Lei 4/2011, explicitará aqueles principios consensuados pola comunidade educativa que rexerán todas as actuacións e intervencións.

Na Comunidade Autónoma galega, os obxectivos xerais do plan de convivencia, aparecen regulados no artigo 12 do Decreto 8/2015 e relaciónanse cos fins e principios regulados no artigo 3 da Lei 4/2011.

3.1 Definición dos obxectivos xerais do Plan e do modelo de convivencia en relación ao artigo 12 do Decreto 8/2015 e a súa concreción en obxectivos específicos.

a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

Obxectivos específicos:

- Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.
- Recoller na NOF accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espacios do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogos, servizos etc.), así coma nos momentos de maior actividade: entradas, saídas, cambios de clase, recreos, etc. Como resultado da enquisa que se realizaou aos alumnos, estes transmiten ao claustro de profesores: máis vixilancia nos accesos ao centro, coma nas zonas de recreo e intercambios de clase.

MEDIDAS PARA MELLORAR A FORMACIÓN DO PROFESORADO E DAS NAIS E PAIS OU TITORES LEGAIS EXEMPLIFICACIÓN DE ACTUACIÓNS

- ▶ M2.1. Incluir no plan anual de formación do centro actividades formativas, propostas desde os equipos de ciclo, relacionadas coas distintas medidas recollidas no plan de convivencia e que aglutinen o maior número de profesores e profesoras posible.
 - ▶ M2.2. Promover desde a comisión de convivencia e asociación de nais e pais actividades informativas e

formativas para nais e pais en relación cos temas de convivencia.

- ▶ M2.3. Elaborar orientacións e establecer programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos.
 - Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro...
 - Formación de familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia desde a familia. Impulsar a creación de escolas de pais e nais.
 - Formación do alumnado: técnicas de resolución pacífica de conflitos, potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais, onde aparecen e a quen se proporcionan; non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.

- ▶ M2.4. Elaborar orientacións e establecer programas formativos dirixidos ao profesorado e ás familias, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a transmitirles aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e en caso de ameazas graves presentar a correspondente denuncia no organismo competente.
- M2.5. Formar sobre a mediación como técnica de resolución de conflitos.
 - Formación do profesorado titor.
 - Formación, nas sesións de titoría, do alumnado.
 - Constitución e formación de equipos de mediadores.
- ▶ M2.6. Programar e desenvolver, no marco dos plans de formación ofertados pola Administración, algún plan de mellora da convivencia:
 - Programas específicos de resolución de conflitos.
 - Programas específicos de mediación en conflitos.
 - Programas de axuda entre iguais.
 - Programas de mentorado tecnolóxico.

b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición alumnado.

Obxectivos específicos:

- Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado)
- Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
- Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.

ACTUACIÓNS PROPIAS

- Continuar dando a coñecer a toda a comunidade educativa o Plan de Convivencia e a NOF para que todos os membros da comunidade educativa coñezan estes documentos.
- Concienciar á comunidade educativa da importancia da súa implicación nos instrumentos de valoración da convivencia que o colexio pón á súa disposición: enquisas anuais, buzón de suxestións... Constatamos una pequena colaboración nas enquisas que se pasaron. Por outra banda, para acadar este obxectivo tamén cómpre:
 - Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado).
- Sistematizar as vías establecidas das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro. A resolución de conflitos comeza co profesor do grupo no momento en que se produce, sigue co titor e pasa en último termo á dirección.
- Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima do centro

MEDIDAS PARA MELLORAR AS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

EXEMPLIFICACIÓN DE ACTUACIÓNS

- ▶ M3.1. Potenciar a participación de todo o alumnado nos xogos e outras actividades evitando as exclusións.
 - Realización de entrevistas individuais co alumnado que rexeita os seus compañeiros, recollendo información e reflexionando sobre as actitudes de rexeitamento cara aos compañeiros e compañeiras procurando que se poñan no lugar do rexeitado e perciban os seus sentimentos.
 - Transmisión na aula de mensaxes de acollida a todos os compañeiros nos nosos xogos (todos podemos xogar, só non xoga o que non quere).
- ▶ M3.2. Coidar as relacións entre o profesorado e do profesorado coas familias, de xeito que constitúan un modelo para as relacións entre o alumnado.
- ▶ M3.3. Ensinar a dialogar como un medio para confrontar ideas, defender os nosos puntos de vista, argumentalos, fomentando todas as actitudes básicas que o fan posible (escoita, comprensión, respecto das formulacións das outras persoas, argumentación, sinceridade e calma...), para facer do diálogo unha estratexia habitual nas situacións da vida do centro.
- ▶ M3.4. Incrementar as actividades en parellas e pequenos grupos.
- ▶ M3.5. Fomentar a través do traballo en grupo a valoración persoal de cada alumno, axudando a que perciban que as súas achegas son importantes para o grupo.

- ▶ M3.6. Formular como obxectivo educativo aprender a traballar en grupo, planificando a súa consecución e valorando o seu logro nas avaliacións.
- ▶ M3.7. Formular as actividades en pequenos grupos, transmitíndolle ao alumnado os obxectivos que pretendemos lograr, as tarefas que deben realizar, as tarefas e os roles que lles corresponden aos diferentes membros do grupo, os recursos dispoñibles e o tempo.
- ▶ M3.8. Potenciar o traballo en equipo do profesorado como modelo do traballo en equipo do alumnado e como medio para desenvolver un proxecto común de centro e desenvolver unha cultura de colaboración.
- ▶ M3.9. Educar sentimentos, actitudes e valores, ensinando a:
 - Expresar adecuadamente as emocións, recoñecer as dos demais e asumir actitudes de respecto cara ás emocións dos demais.
 - Desenvolver a empatía, poñéndose no lugar dos outros.
 - Coñecer as consecuencias emocionais que poden ter as formas de relacionarse cos compañeiros e compañeiras.
 - Ser asertivos superando a timidez e a inseguridade.
 - Identificar as situacións de violencia/abuso.
 - Rexeitar adecuadamente os violentos e abusadores e a non valorar estes modelos de comportamento.

- c) **Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.**

Obxectivos específicos:

- Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
- Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.

ACTUACIÓNS PROPIAS

- Manter a elaboración e revisión anual, de forma consensuada, das normas de convivencia do Centro e dos documentos que pertencen ao ámbito da convivencia e sexa necesario revisar/elaborar.
- Manter a posta en práctica do traballo en valores que se fai en todo o centro desde E Infantil e que repercute no bo clima de convivencia que se respira no centro e que reflicten o ideario co está concebido este colexio. Valoracións estas que as familias nos transmiten na enquisa que se lles fixo para valorar o clima de convivencia no centro.
- Manter os obradoiros coas familias e intentar a súa expansión a todas as etapas educativas.
- Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e solidariedade entre o alumnado tal como temos sinalado nas liñas estratéxicas de Innovación Pedagóxica.

- d) **Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.**

Obxectivos específicos:

- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.

ACTUACIÓNS PROPIAS:

- Manter a cultura de resolución pacífica de conflitos, baseada no diálogo e en acordos tipo: Compromiso de Cambio de Conduta.
- Continuar coas actuacións que fagan que as aulas e o centro sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia: momento relixioso de primeira hora da mañá, bo clima no desenvolvemento do traballo diario na aula, convivencias, preparación e organización de festas/festivais, saídas culturais...
- Introducir nas sesións de titoría situacións reais de acontecementos que ocorrerán tanto no noso centro como noutros ou mesmo situacións de violencia, conflito etc. que se amosen nas redes ou na televisión como fonte de aprendizaxe.



**Colegio
San José**
Lugo

e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Obxectivos específicos:

- Deseñar mecanismos que facilitan a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.
- Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...)

ACTUACIÓN PROPIAS

- Manter os mecanismos que facilitan a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta:

Información recibida polos titores: cambios de grupo en 6 EP para 1º ESO e de 2º de ESO ao curso de 3º en función dos amigos que se teñan, sociogramas no primeiro trimestre e escala de valoración no segundo para 5º e 6º e toda a ESO.

Deixar rexistro na plataforma Educamos das entrevistas coas familias tanto por parte dos titores como por parte de todo o profesorado.

- Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...)

MEDIDAS DE INTERVENCIÓN DIRECTA ANTE PROBLEMAS DE CONVIVENCIA

EXEMPLIFICACIÓN DE ACTUACIÓN

- ▶ M4.1. Elaborar un protocolo de actuación fronte aos conflitos na aula.
 - Documentación (folla de avaliación actitudinal ou rexistro ou partes de faltas/disciplina).
 - Actuacións do profesorado de aula.
 - Actuacións do profesorado titor e do departamento de orientación.
 - Actuacións do equipo directivo.
- ▶ M4.2. Elaborar protocolos de actuación ante unha agresión.
 - Realizar entrevistas individuais coas persoas agredidas, pescudando ata que punto lle afectou a agresión, reforzalo e mellorar a súa autoestima.

- Realizar entrevistas individuais coas persoas agresoras, co obxecto de reflexionar sobre os seus actos e actitude (individual/grupo), facéndoo tomar conciencia sobre a responsabilidade que temos sobre as consecuencias das nosas accións, esixíndolle que pida desculpas e asegure que a agresión non se vai volver repetir.

- Inducir o alumnado a solicitar a axuda dos profesores en caso de agresión.

- ▶ M4.3. Rexistrar os conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión real da convivencia no centro que permita, fundamentándose na evidencia, introducir as modificacións necesarias para a regulación da convivencia do centro. TODOS OS CURSOS
- ▶ M4.4. Solicitar o apoio e asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- ▶ M4.5. Aplicación de programas para a adquisición de habilidades e técnicas de resolución de conflitos mediante a negociación.
- M4.6. En función dos niveis, traballar mediante debuxos ou carteis, conceptos de convivencia e descrición do maltrato.
- ▶ M4.7. Abordar as consecuencias sociais e éticas que supón o comportamento violento.
- ▶ M4.8. Explicitar as medidas de protección ás vítimas e as responsabilidades éticas de todos os membros da comunidade educativa.
- ▶ M4.9. Aplicar a mediación como técnica de resolución de conflitos.

f) Facilitar a conciliación e/ou mediación para a resolución pacífica de conflitos

Obxectivos específicos:

Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade.

ACTUACIÓNS PROPIAS

- Intentar promover a formación en mediación para por en marcha un equipo de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade. Para elo porémonos en contacto con organismos oficiais para ver a posibilidade de levar a cabo esta formación sen que esta sexa necesariamente un Máster en Mediación.

g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos específicos:

- Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: linguaxe asertiva.

ACTUACIONES PROPIAS

- Elaborar, dar a coñecer e utilizar por parte de toda a Comunidade Educativa o Plan de Habilidades Sociais do que debe dispor o centro.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

Obxectivos específicos:

- Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).

ACTUACIONES PROPIAS

- Solicitar a toda a comunidade educativa “Propostas de Mellora”

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Obxectivos específicos:

- Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade, forzas de seguridade do Estado... e con outras organización non oficiais (ONG, fundacións...)

ACTUACIONES PROPIAS

- A través do Plan Director estase a colaborar coas Forzas de Seguridade do Estado para a formación do alumnado en materia de Convivencia Escolar.
- A través da Fundación ANAR que ten suscrito convenio con FEC pódense realizar accións formativas tanto para o profesorado como para o alumnado.
- Cos recursos que proporciona Fundación Taller de Solidaridad podemos coñecer de preto a realidade da muller no Congo, Filipinas e Sudamérica.

3.2 FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DO PLAN DE CONVIVENCIA (artigo 3 da Lei 4/2011) NOS CENTROS DOCENTES referenciados cos

Obxectivos Xerais do PC anteriores (artigo 12 do Decreto 8/2015)

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar (Obxectivos xerais: b) e g))
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas (Obxectivos xerais c) e i))
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces (Obxectivo xeral e))
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións (Obxectivo xeral a))
- e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos e fillas ou pupilos ou pupilas (Obxectivo xeral h))
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar (Obxectivos xerais c), d) e f))
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar (Obxectivos

xerais b),d) e f))

- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado (Obxectivos xerais b) e g))

3.3 Actuacións, medidas ou programas.

Liñas Xerais de actuación con intención de permanencia no colexio FEC San José:

As seguintes liñas son acordos cos obxectivos e principios do modelo de convivencia definido e asumido polo colexio Fec San José os cales teñen en conta os obxectivos xerais da propia lexislación.

O Colexio Fec San José impulsa á comunidade educativa cara a transmisión e desenvolvemento de valores tales que promovan a cultura do diálogo e a escoita para a resolución pacífica de conflitos.

- ✓ **Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición alumnado o que conleva:**
 - Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado)
 - Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
 - Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.

Para desenvolver esta liña cremos importante aplicar as seguintes medidas:

- Continuar dando a coñecer a toda a comunidade educativa o Plan de Convivencia e a NOF para que todos os membros da comunidade educativa coñezan estes documentos.
- Concienciar á comunidade educativa da importancia da súa implicación nos instrumentos de valoración da convivencia que o colexio pón á súa disposición: enquisas anuais, buzón de suxestións... Constatamos una pequena colaboración nas enquisas que se pasaron. Por

outra banda, para acadar este obxectivo tamén cómpre:

- Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado).
- Sistematizar as vías establecidas das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro. A resolución de conflitos comeza co profesor do grupo no momento en que se produce, sigue co titor e pasa en último termo á dirección.
- Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima do centro

✓ **Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal o que conleva:**

Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: linguaxe asertiva.

Para desenvolver esta liña cremos importante aplicar as seguinte medidas:

- Que a comunidade educativa coñeza o Programa de Habilidades Sociais do centro.
- As sesións de titoría do PAT nas que se traballa co alumnado especificamente sesións de habilidades sociais.
- As sesións de aula co alumnado na que se fomentan valores e acción que promoven a competencia social e cidadá.
-
- ✓ **Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres o que conleva:**
 - Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
 - Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.

Para desenvolver esta liña cremos importante aplicar as seguintes medidas:

- Manter a elaboración e revisión anual, de forma consensuada, das normas de convivencia do Centro e dos documentos que pertencen ao ámbito da convivencia e sexa necesario revisar/elaborar.
- Manter a posta en práctica do traballo en valores que se fai en todo o centro desde E Infantil ata Bacharelato e que repercute no bo clima de convivencia que se respira no centro e que reflicten o ideario co está concebido este colexio. Valoracións estas que as familias nos trasmiten na enquisa que se lles fixo para valorar o clima de convivencia no centro.
- Manter os obradoiros coas familias e intentar a súa expansión a todas as etapas educativas.
- Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e solidariedade entre o alumnado tal como temos sinalado nas liñas estratéxicas de Innovación Pedagóxica.

✓ **Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe o que conleva:**

- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.

Para desenvolver esta liña cremos importante aplicar as seguintes medidas:

- Manter a cultura de resolución pacífica de conflitos, baseada no diálogo e en acordos tipo o Compromiso de Cambio de Conducta.
- Continuar coas actuacións que fagan que as aulas e o centro sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia: momento relixioso de primeira hora da mañá, bo clima no desenvolvemento do traballo diario na aula, convivencias, preparación e organización de festas/festivais, saídas culturais...
- Introducir nas sesións de titoría situacións reais de acontecementos que ocorrerán tanto no noso centro como noutros ou mesmo situacións de violencia, conflito etc. que se amosen nas redes ou na televisión como fonte de aprendizaxe.

✓ **Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas o que conleva:**

- Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.
- Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...)

Para desenvolver esta liña cremos importante aplicar as seguintes medidas:

- .- Manter os mecanismos que facilitan a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta: Información recibida polos titores: cambios de grupo en 6 EP para 1º ESO e de 2º de ESO ao curso de 3º en función dos amigos que se teñan, sociogramas no primeiro trimestre e escala de valoración no segundo para 5º e 6º e toda a ESO.
- .- Deixar rexistro na plataforma Educamos das entrevistas coas familias tanto por parte dos titores como por parte de todo o profesorado.

.- Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...)

.- Facer partícipe ao alumnado na elaboración de protocolos.

✓ **Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes o que conleva:**

- Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos.

Para desenvolver esta liña cremos importante aplicar a seguinte medida:

- Solicitar a toda a comunidade educativa “Propostas de Mellora”
- Promover o uso da Caixa de correo de suxestións, queixas, agradecementos e felicitacións que está na portería do centro.

✓ **Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais o que conleva:**

- Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade, forzas de seguridade do Estado... e con outras organización non oficiais (ONG, fundacións...)

Para desenvolver esta liña cremos importante aplicar as seguintes medidas:

-A través do Plan Director estase a colaborar coas Forzas de Seguridade do Estado para a formación do alumnado en materia de Convivencia Escolar.

-A través da Fundación ANAR que ten suscrito convenio con FEC pódense realizar accións formativas tanto para o profesorado como para o alumnado.

- Cos recursos que proporciona a Fundación Taller de Solidaridad podemos coñecer de preto a realidade da muller no Congo, Filipinas e Sudamérica.

ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

A NOF recolle a organización xeral do centro entre outros apartados e actualízase anualmente. Polo tanto, este documento adxúntase nun documento distinto.

PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS:

Enlace da consellería da Xunta de Galicia onde aparecen os programas e protocolos que no colexio se aplican.

<http://www.edu.xunta.gal/portal/educonvives.gal>

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS DO CENTRO

O centro acolle o programa deseñado por Manuel Segura Morales

SESIÓN 1: PEDIR E FACER FAVORES

OBXECTIVO: Que o/a alumno/a, ao relacionarse con outras persoas, pida e faga favores nas situacións oportunas.

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUCTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: Na relación cotiá con outras persoas é moi necesario saber pedir e facer favores. Isto axuda a que a convivencia sexa máis agradable.

As persoas que piden e fan favores correctamente, que formulan a súa petición claramente e de maneira cordial, resultan agradables e positivas para os demais.

Introdución: O profesor comenta co alumnado se saben o que significa facer / pedir un favor, a quen llo pediu, que favores fixeron, etc. É importante que se faga ver aos alumnos e alumnas que as persoas que piden e fan favores correctamente que formulan a súa petición claramente e de maneira cordial, resultan agradables e positivas para os demais.

Pasos conductuais:

Para Pedir un favor, é preciso:

1. Determinar que se necesita pedir un favor e a quen llo imos a pedir.
2. Formular a nosa petición de forma correcta con expresión verbal adecuada (clara e sinxela) e expresión non verbal e corporal acorde (mirada, sorriso, ton cordial) agradecendo de entrada a acollida e a actitude da outra persoa.

«... necesito...que me fagas un favor. Ocorre que ... e pediríache que ti.... Es un sol por atenderme»

3. Agradecer cordialmente o favor que nos fixeron, resaltando algo positivo da outra persoa. «Grazas. Agradézochos infinitamente».

Para Facer un favor, os pasos para seguir son:

1. escoitar a petición da outra persoa. Prestar atención e pedir aclaración, se é necesario.
2. Facer o favor da mellor maneira posible. Facer o que nos piden con bo talante.
3. Negarmos adecuadamente cando consideremos que se nos fai unha petición pouco razoable.

2. MODELADO

O profesor, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

Exemplos suxeridos para Modelado

- Laura pídeche prestado o dicionario de inglés porque ela esqueceuse de traelo.
- Branca pídeche que lle deixes esta tarde os apuntamentos de matemáticas porque os seus están ten moi desordenados. Mañá tedes exame e ti tamén queres estudar

- Pides á profesora que che preste un libro para ler na casa.

- O teu pai pídeche que o acompañes a uns recados. Estas vendo un documental moi interesante.

3. ENSAIO CONDUCTUAL. ROLE- PLAYING. DRAMATIZACIÓNS

Facer unha práctica co alumnado con distintas situacións reforzando as actitudes positivas que atopemos.

4. REFORZAMENTO DO EDUCADOR. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

Informar o/a rapaz/rapaza do que fai ben. Reforzalo/a positivamente (dicirlle algo agradable) e estar centrado en algo que fixesen ben, aínda que sexa só esforzarse por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA.

- Pedir tres favores a membros da túa familia.
- Pedir un favor a un veciño/a con o/a que non tes moita confianza.
- Facer polo menos tres favores aos teus compañeiros e compañeiras de clase.
- Facer un favor a unha profesor/a.

SESIÓN 2: CORTESÍA E AMABILIDADE

OBXECTIVO: Que o/a alumno exhiba condutas de cortesía e boa educación ao relacionarse con outras persoas.

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUCTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: É moi importante ser cortés e educado cando nos relacionamos con outras persoas porque nos facemos agradables e a xente quérenos

máis.

Introdución: o profesor fala co alumnado sobre o que entenden que é ser cortés, educado ou amable, que fan eles cando queren ser amables, como son as persoas que eles consideran amables; que fan, que din, etc.

Pasos conductuais:

Para comportarse con Cortesía e Amabilidade hai que:

1º. Mirar á outra persoa.

2º. Dicit unha frase ou expresión verbal adecuada a cada caso: grazas! por favor, desculpe; síntoo; perdón.

3º. Acompañar a expresión verbal con xestos e expresión non-verbal apropiada: sorriso, xestos de mans, ton de voz, postura, distancia coa outra persoa, etc.

2. MODELADO

O profesor, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

Exemplos suxeridos para Modelado:

- Estás no patio e cando vas xogando, sen querer chocas con outra neno/a. Queres pedirlle desculpas.
- Necesitas unha pintura que ti non tes nese momento; Luís que está ao teu lado si a ten. Queres pedirilla.
- Cando entras na fila desde o patio, involuntariamente pisas a un profesor que é moi serio. Queres desculparte.
- Laura axúdache a mover a mesa para poñela nun sitio máis adecuado. Queres agradecerllo.

- Entras no autobús e a parte dianteira está chea de xente; atrás está moi baleiro. Queres pasar atrás.

3. ENSAIO CONDUCTUAL. ROLE- PLAYING. DRAMATIZACIÓNS

Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO EDUCADOR. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O educador informa ao/ os nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable) e estar centrado en algo que fixesen ben, aínda que sexa só esforzarse por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA.

- Observar a outras persoas e elaborar unha lista das frases e expresións amables que utilizaron.
- Pedir as cousas por favor no comedor do colexio.
- Desculparse, escusarse e pedir permiso a profesores nas situacións apropiadas.
- Observar a compañeiros e compañeiras da clase cando mostraron condutas de cortesía; posteriormente haberá que lembrar que fixeron, como e cando.

SESIÓN 3: EXPRESAR / RECIBIR EMOCIÓNS

OBXECTIVO: Que o alumno en situacións interpersoais, exprese, identifique e responda de modo adecuado ás súas emocións, sentimentos e afectos e a vos dos demais.

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUCTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación:

Expresar emocións significa saber comunicar a outras persoas como nos sentimos, que emocións temos, para que a outra persoa reaccione adecuadamente.

Recibir emocións significa que nós saibamos responder adecuadamente as emocións, sentimentos das outras persoas.

Introdución: O profesor, orientará ao alumnado no sentido de poñerse no lugar dos outros para recibir ou expresar as súas emocións. Convén valorar a importancia que supón esta habilidade, tanto para sentirse escoitado, apoiado e comprendido como para que o estean os demais cando nos comunican as súas emocións.

Pasos conductuais:

Para expresar emocións, sentimentos ou afectos o que hai que facer é:

1º. Darse conta e notar a emoción. Para iso hai que observarse a si mesmo. Que me pasa?, que sinto?, que me digo?

2º. Dar as razóns, as causas e os antecedentes desa emoción. Por que me sinto así? Síntome así porque..., que ocorreu antes?, que fixen?, Que dixen?, Que dixou ou fixo a outra persoa?

3º. Expressar esa emoción ou sentimento con expresión verbal adecuada e linguaxe corporal oportuna. Isto supón:

- Buscar o lugar adecuado
- Describir breve e claramente como te sentes
- Dar as razóns e causas dese sentimento (se é oportuno)
- Agradecer á outra persoa por escoitarte

4º. Buscar modos para:

- Manter e/ou intensificar a emoción (se é positiva).
- Reducir e/ou eliminar a emoción (se é negativa), a través de autocontrol, pedir axuda, relaxación.

Para responder as emocións, sentimentos e afectos doutra persoa hai que:

1º. Identificar emocións e sentimentos positivos e negativos nas outras persoas:

- Observando o que a outra persoa fai, mirando a súa expresión corporal (cara, mans,...)
- escoitar o que a outra persoa che di. Permitir que a outra persoa exprese os seus sentimentos e comunique a emoción: que di? como fala?,...

2º. Poñerse no lugar da outra persoa para comprender os seus sentimentos.

3º. Responder adecuadamente, con expresión verbal e linguaxe corporal Que se pode facer para que a outra persoa se sinta mellor?

2. MODELADO

O profesor, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

- (a) os sinais corporais que acompañan á emoción (expresión facial, xestos corporais, respiración, movementos).
- (b) os pensamentos que acompañan á emoción (que me digo a min mesmo?, que penso?).
- (c) os sucesos antecedentes que desencadearon a emoción.

Exemplos suxeridos para Modelado

- O profesor felicítote publicamente polo teu traballo de sociais. Estás moi contento e queres contarllo á túa amiga.
- Estás preocupado e desgustado porque Xavier acusoute de algo que ti non fixeches. Queres que Xavier saiba que estás desgustado.
- Enma está estraña. Queres saber que pasa. Tratas de poñerte no seu lugar.
- Mª Pili enfadouse contigo e estache “botando unha bronca”.

3. ENSAIO CONDUCTUAL. ROLE- PLAYING. DRAMATIZACIÓNS

Os alumnos practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO EDUCADOR. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O educador informa ao alumnado do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable) e estar centrado en algo que fixesen ben, aínda que sexa só esforzarse por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Di e/ou escribe tres cosas polas que ti te sintas alegre, preocupada, triste, rabiosa, feliz, etc.
- Expresar enfado a un amigo por algo que che fixo e non che gustou.
- Observar e/ou anotar como te sentes despois dunha crítica.
- Ser “detective” e adiviñar como se senten e atopan as persoas que nos rodean (familia, amigos/as, profesores/as ou veciños/as).

SESIÓN 4: SOLUCIONAR PROBLEMAS INTERPERSOAIS

OBXECTIVO: Que o alumnado resolva problemas interpersoais que ten cando se relaciona con outros/as.

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUCTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: O adestramento na resolución de problemas constitúe unha estratexia moi positiva, non só porque o alumnado aprende a manexarse en situacións de conflito con outras persoas, senón porque ademais, axúdalle a completar e favorecer o seu pensamento reflexivo.

Introdución: O profesor fai preguntas, para que as/os alumnas/alumnos identifiquen problemas que habitualmente teñen na súa relación con outros. Centrarémonos en concreto, nun problema do día de hoxe ou o máis próximo posible, e dialogaremos para que o/a neno/a especifique e formule o problema, os sentimentos e pensamentos que teñen nesa situación, os sentimentos e pensamentos que cre que ten a outra persoa, os motivos que o puideron orixinar, as posibles solucións que pode ter e a procura da mellor solución para resolvelo.

Pasos conductuais:

Para resolver problemas interpersoais é necesario:

1º. Controlar o impulso inicial. Deterse e pensar antes de actuar.

2º. Identificar e definir o problema que se ten: Cal é o problema?

Que ocorreu?

Os motivos. Causas

Que pensa cada un/unha?

Que sente cada un/unha? Emocións. Estados de ánimo

Definir obxectivos: o que queremos conseguir ante a situación conflitiva

3º. Buscar moitas alternativas de posibles solucións: Que se pode facer?

4º. Pensar nas posibles consecuencias (positivas/negativas) de cada unha: Que ocorrería se eu...?

5º. Seleccionar a mellor solución: Cal é a mellor solución?

Que sexa razoable

Xusta

Que resolva o conflito

Que beneficie a todos

6º. Poñela en práctica.

7º. Avaliar os resultados obtidos.

2. MODELADO

O profesor, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

Exemplos suxeridos para modelado:

- A María tíranlle do pelo para facela rabiar.
- Álvaro leva lentes con cristais grosos e algúns compañeiros rinse del. Que pode facer Álvaro? E os demais?
- No comedor do colexio a Ana escondéronlle a carteira. Sabe quen foi.
- Luisa e Fernando lévanse mal. Insúltanse a miúdo. Que pode facer cada un deles?

3. ENSAIO CONDUCTUAL. ROLE- PLAYING. DRAMATIZACIÓNS

O alumnado practica mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO EDUCADOR. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

Na retroalimentación ou feedback, o educador informa as/os nenas/nenos do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable) e estar centrado en algo que fixesen ben, aínda que sexa só esforzarse por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Escribir/dicir problemas que tiveches nos últimos días con outros/as nenos/as.

- Observarse a si mesmo: o que fas, dis, pensas, sentes cando tes problemas con outros/as nenos/as.
- Observar a outros/as nenas/adultas en situacións conflitivas. Interpretar como se sente a outra persoa.
- Comentar con outras/outros nenas/nenos ou adultos de confianza algún problema que che preocupe.
- Pensar ou facer unha lista con moitas alternativas para solucionar un conflito cos teus pais/profesores/as. Valorar a mellor de todas elas e poñela en práctica.

SESIÓN 5: DEFENDER OS PROPIOS DEREITOS

OBJECTIVO: Que o alumno defenda os seus dereitos adecuadamente nas situacións en que non son respectados.

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUCTUALES ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: A defensa dos propios dereitos inclúe habilidades como: dar unha negativa e dicir non a outras persoas, facer e responder a queixas e reclamacións, facer peticións ou rogos e pedir que outras persoas cambien a súa conduta.

O/A neno/a que non sabe defender os seus dereitos, resultará asoballado e ameazado e os demais non o respectarán.

O/A neno/a que sistematicamente adopta posturas de pasividade e inhibición cando os seus dereitos son violados, atoparase descontento/a e valorarase pouco; os outros aproveitaranse del/dela e tratarano/a inxustamente.

O/A neno/a que defende e fai valer os seus dereitos, valórase a si mesmo e fai que os demais o/a valoren máis, téñano/a en conta e respecten os seus desexos e os seus gustos.

A defensa dos nosos dereitos implica respectar os dereitos dos demais.

Introdución: En asemblea de aula falar cos alumnos sobre os puntos anteriores.

Pasos conductuais:

Para defender os propios dereitos é necesario:

1. Coñecer os teus dereitos

2. Darse conta de que nesa situación non te están respectando

3. Comunicar á outra persoa que queres que se respecten os teus dereitos: é dicir, hai que dar unha negativa, expresar unha queixa, para iso, é necesario:

- .. buscar o momento e o lugar adecuado
- .. utilizar expresión verbal correcta: expresión directa, clara e sen reviravoltas
- .. utilizar linguaxe corporal segura: voz firme e tranquila, contacto ocular, distancia próxima ao interlocutor.

4. Pedir un cambio na súa conduta: facer suxestións ou peticións para que a outra persoa actúe de forma que respecte os teus dereitos.

5. Agradecer á outra persoa que te escoitara.

Para responder a defensa dos dereitos que fan os demais:

1. Escoitar con atención e interese o que di a outra persoa
2. Poñerse no seu lugar e comprender o seu punto de vista.
3. Controlar o enfado e/ou a sensación desagradable que nos produce escoitar o que nos di a outra persoa.
4. Actuar en consecuencia:
 - ceder se é necesario e facelo de bo grado
 - negarse se non é oportuno o que nos pide a outra persoa

2. MODELADO

O profesor, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

É importante que o profesor modele expresións e modismos que se poden utilizar nestas situacións:

“perdoa, pero agora non podo ir...”

“síntoo, hoxe non podo.....”

importaríache deixar de.....; estás a molestarme. Grazas”

3. ENSAIO CONDUCTUAL. ROLE- PLAYING. DRAMATIZACIÓNS

Os alumnos practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO EDUCADOR. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O educador informa ao alumnado do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable á/ao nena/neno) e estar centrado en algo que fixesen ben, aínda que sexa só esforzarse por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Defender as túas opinións
- Peticións aos adultos
- Realizar unha queixa

DEREITOS ASERTIVOS

1. Tes dereito a ser xuíz/a das túas propias emocións, pensamento e comportamento así como da execución e consecuencias do que sentes, pensas e

fas.

2. Non tes que dar escusas a todo o mundo polo que fas.
3. Se as cousas van mal, non é necesariamente por culpa túa.
4. Podes cambiar de opinión se te sentes incómodo.
5. Cando cometes un erro podes admitilo sen avergoñarte.
6. Non tes obriga de sabelo todo, podes dicir non o sei sen sentirte mal.
7. Non tes por que ser amigo/a de todos/as, nin ten por que gustarche o que todo o mundo fai.
8. Non tes por que demostrar a ninguén que tes razón
9. Non tes que entendela todo e podes dicir non o entendo sen sentirte mal.
10. Non é necesario que sexas perfecto/a, e non tes por que sentirte mal cando es simplemente ti.

SESIÓN 6: INICIAR UNHA RELACIÓN.

OBXECTIVO: Que o alumnado inicie interaccións de xogo, conversación ou actividade con outros/as rapaces/rapazas.

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUCTUALES ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: Esta habilidades é moi importante para as/os nenas/nenos xa que lles permitirá relacionarse con outras persoas, coñecer xente e facer amigos e amigas. Se un/unha neno/a sabe como establecer contacto, como iniciar interaccións, non se aburre, pode xogar cos demais e pode aprender cousas deles.

Introdución: Nunha primeira asemblea o/a profesor/profesora fai ver ao alumnado a importancia de empezar unha relación con outra persoa, o ben que se pasa xuntos, o que se aprende xuntos, etc. e o importante que é para iniciar unha relación non quedar quedo sen dicir nada, sendo mellor dirixirse aos outros/as nenos/as e dicirlles o que queremos, aínda que custe ao principio. Se non lles dicimos o que queremos, eles/elas non o

poderán adiviñar.

Pasos conductuais:

Para iniciar unha relación ou unírnos ao xogo doutros:

1. Decidir con que nenos/as ou grupo de nenos/as queres falar, xogar ou facer algo.
2. Elixir o momento e o lugar adecuado. Achegarse, observar.
3. Achegarse, mirar e sorrir.
4. Dicar algo que axude a iniciar o contacto:

un saúdo: ola!

unha presentación: chámome....

para entrar en conversación: como te chamas, onde vives, es novo, ,...

facer unha invitación: queres xogar comigo? Queres ver este libro que teño?

5. Unha vez que se entrou no xogo, a conversación, etc., hai que contestar e responder adecuadamente, participar correctamente.

- Ao principio é conveniente imitar o que fan os outros, non propoñer cambios bruscos.
- Dicar algo agradable e agradecer que nos deixaran participar.
- Se non nos responden ou nos dan unha negativa, podemos:
.. estar tranquilos, buscar outra estratexia, insistir pero sen molestar, buscar a outras persoas.

Se outro/a neno/a quere unirse ao noso xogo:

1. Aceptamos cordialmente a súa entrada (se vos parece ben) e dicímoslle: Vale! Por suposto!

2. Se polo que sexa non queremos que entre, expresámolo de modo cordial dando as razóns da negativa e desculpándonos: síntoo o xogo xa empezou” “non queremos que xogues porque nos rompes os xoguetes”, etc.

2. MODELADO

O profesor, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

3. ENSAIO CONDUCTUAL. ROLE- PLAYING. DRAMATIZACIÓNS

Os alumnos practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO EDUCADOR. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O educador informa ao alumnado do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno) e estar centrado en algo que os/as nenos/as fixesen ben, aínda que sexa só esforzarse por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA A CASA OU COLEXIO

- No recreo empezar a falar con outras/outros nenas/nenos doutras clases e unirse ao xogo con eles/elas.
- Observar a nenos/as que xogan e ver que fan cando outro/a neno/a quere entrar no seu xogo.
- Na fin de semana practicar no parque con outros/as nenos/as.

SESIÓN 6: HABILIDADES PARA FACER AMIGOS: Iniciadores sociais

OBXECTIVO: Que o alumno inicie interaccións de xogo conversación ou actividade con outros nenos na clase, o colexio ou a comunidade.

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUCTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: Os iniciadores sociais constitúen toda unha serie de condutas para empezar a relacionarse cos outros, coñecer xente e facer amigos, o cal é fundamental para o desenvolvemento emocional e intelectual do alumnado.

Introdución: Cando queremos relacionarnos con alguén, non temos que quedarnos quedos e sen dicir nada, os/as outros/as nenos/as, se non lle dicimos nada, non saben que queremos falar, xogar ou facer algo con eles. Falar co alumnado da importancia de relacionarse con outros/as e facer amigos/as.

Pasos conductuais:

Para iniciar unha relación con outra/outro rapaz/rapaza hai que:

1. Decidir e elixir a persoa coa que se quere falar, xogar ou facer algo
2. Elixir o momento e o lugar adecuado
3. Achegarse á outra persoa mirala e sorrir
4. Dicir algo que axude a iniciar a relación:
 - saudar: Ola!
 - presentarse: chámome.....
 - entrar en conversación con ela: como te chamas? onde vives?.....
 - facer unha invitación explícita: queres xogar comigo?....
5. Unha vez que se empezou o xogo, a conversación ou a actividade hai que contestar e responder adecuadamente, de forma que todo resulte agradable e se pase ben
6. Se a outra persoa non nos responde, rexéitanos, ou nos dá unha negativa, algunhas alternativas son: insistir, cambiar de táctica, pedir que xogue ou faga algo diferente, buscar outra persoa, etc.

2. MODELADO

O profesor, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a

habilidade social.

3. ENSAIO CONDUCTUAL. ROLE- PLAYING. DRAMATIZACIÓNS

Os alumnos practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO EDUCADOR. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O educador informa os/as nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno) e estar centrado en algo que os nenos fixesen ben, aínda que sexa só esforzarse por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- No recreo iniciar xogos con nenos/as doutras clases.
- Na fin de semana iniciar relacións no parque con outros/as nenos/as da túa idade.

METODOLOXÍA

En todas as sesións o adestramento das habilidades sociais consiste nunha serie de pasos:

1. Instrución

Comézanse as sesións de adestramento cun comentario sobre a conduta que vai ser obxecto de aprendizaxe. Nesta instrución é importante:

- A presentación e identificación da conduta proposta a través de exemplos.
- Unha vez comprobado que as/os nenas/nenos entenden a conduta para tratar na sesión é útil discutir as razóns polas que é bo mostrar este tipo de habilidade ou conduta.
- É importante que as/os nenas/nenos se impliquen, para iso adoita axudar o facerlles preguntas sobre como senten eles/as cando actúan inadecuadamente.

2. O modelado

Neste paso selecciónanse unha serie de exemplos de situacións coas preguntas, respostas ou intervencións adecuadas que deberían formularse.

3. Ensaio condutual. Role-playing. Dramatizacións

O seguinte paso importante é que as/os nenas/nenos deben executar o compoñente durante unha interacción práctica. Para iso, levarán a cabo interaccións simuladas. Role-playing. Dramatizacións.

4. Reforzamento do educador. Retroalimentación ou Feedback

O reforzamento consiste en dicir ou facer algo agradable as rapazas e aos rapaces despois dunha boa execución.

Na retroalimentación ou feedback, infórmaselles do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Canto máis detallado ou específico sexa, máis probable será que estes melloren a súa execución.

En todo momento hai que procurar que o feedback sexa un reforzamento positivo dos aspectos valiosos manifestados por cada neno/a. Con todo, acto seguido debe comentarse o que fai que esa conduta siga sendo deficiente.

5. Transferencia. Tarefas para casa.

Non existe aprendizaxe se non existe transferencia desa conduta no tempo a outros contextos e a situacións específicas. Trátase de conseguir esta transferencia a través de dúas etapas ou fases de adestramento principalmente:

- Transferencia a novas situacións na que se lle presentan ao alumno situacións de práctica, novas e distintas. A través da observación, observarase se os/as nenos/as son capaces de aplicar as súas novas habilidades baixo situacións distintas.
- Tarefas para casa (opcionais) onde se obteñen detalles sobre o que sucedeu exactamente e coidarase de que as nenas e os nenos sexan recompensado adecuadamente pola realización da tarefa.

Finalmente, resaltar que ao levalo á práctica, débese adaptar a linguaxe ao nivel educativo do alumnado co que se traballa

A CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA ADXÚNTASE NUN DOCUMENTO DISTINTO

4. FASE 4 MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN E O SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA E FIN CON DIFUSIÓN DO PLAN

1 Mecanismos de coordinación

Neste Plan Marco na NOF e na concreción anual do plan de convivencia aparecen:

- .- Os mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.
- .- As actuacións previstas para a consecución dos obxectivos, explicitando para cada unha destas as persoas responsables.
- .- As actuacións da titora ou do titor e do equipo docente de cada grupo de alumnos e alumnas para favorecer a integración do alumnado de novo ingreso, tanto na aula como no centro.
- .- A relación cos diferentes sectores institucionais e sociais do contorno que poidan participar no plan de convivencia, especificando o seu modo de participación e de colaboración.
- .- As estratexias e procedementos para realizar a difusión, o seguimento e a avaliación do plan.

2 Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia

- . Nas reunións da comisión de convivencia de cada curso académico farase o seguimento e a avaliación do plan anual correspondente.

O propio formato de redacción do plan facilita a comprobación da adquisición dos indicadores.

Aproveitarase a derradeira reunión da comisión para elaborar a memoria anual do mesmo.

- . No que respecta á avaliación do Plan Marco, farase unha avaliación na derradeira reunión da comisión cada curso académico.
- . Os documentos que a comisión usará para facer a avaliación son os seguintes:
 - .- Aquel que rexistra a concreción do Plan Anual
 - .- Os que aparecen ao final deste documento a proposta da Consellería de Educación.

Solicitarase a toda a comunidade educativa propostas de mellora no ámbito da convivencia.

Das reunións que manteñan os membros da Comisión de Convivencia do profesorado do centro levantarase a correspondente Acta.

Os responsables desta avaliación serán, en primeiro lugar, a comisión de convivencia, o equipo directivo e o consello escolar, coa participación de todos os sectores da comunidade educativa.

Entre os ámbitos e criterios desta avaliación podemos destacar:

- ▶ En relación co contorno social: relacións centro educativo-institucións do contorno; relacións familia-institucións do contorno; oferta de formación e ocio das institucións do contorno; plans de mellora da convivencia social...
- ▶ En relación co contorno familiar: relacións centros-familias; canles de comunicación e de información; participación das familias; espazos e tempos dedicados á relación; estilos educativos das familias; formación das familias...
- ▶ En relación co contorno escolar: espazos, instalacións e mobiliario do centro; clima de convivencia no centro, nas aulas, nos recreos, cambios de clase...; normas de convivencia do centro e da aula; relacións entre os membros da comunidade educativa; medidas para previr conflitos e formas de resolución; resposta educativa á diversidade...

O equipo directivo dos centros docentes garantizará a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

O equipo directivo, xunto coa comisión de convivencia, propón a avaliación do plan de convivencia durante o ano escolar a través de:

- .- Reunións co profesorado,
- .- Reunións xunta de delegados e delegadas xunta de delegados e delegadas,
- .- Reunións dos titores coas familias,
- .- Reunións dos titores co alumnado,
- .- Reunión de membros da comisión de convivencia cos PAS
- .- Reunións do Consello Escolar

O consello escolar a proposta da súa comisión de convivencia:

- .- aprobará ao inicio do curso o plan anual de convivencia que aparece recollido na PXA .- e fará o mesmo ao e ao final de cada curso escolar. A Comisión de Convivencia elaborará a memoria do plan que formará parte da memoria anual do centro.

Pedimos aos servizos de Inspección Educativa que supervise este plan, petición que aparece reflectida na concreción anual do mesmo.

Exemplificación dunha táboa cos posibles criterios para a avaliación anual do plan de convivencia. Teremos en conta estas táboas ao

igual
os

que

indicadores que aparecen na concreción anual.

<p>1. Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior.</p>	<p>1. Existen informes anuais nos que se recollan clasificados os conflitos detectados? 2. Como se considera a evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior? 3. Os obxectivos do plan de convivencia determínanse a partir de informes anuais e outras evidencias contrastables?</p>
<p>2. Alcance do plan de convivencia.</p>	<p>1. Recolle valores e actitudes (acollida, coeducación, competencia social, comunicación, educación emocional, educación para a paz, inclusión, mediación, símbolos identitarios)? 2. Recolle resolución de conflitos (absentismo, conflitos leves, conflitos graves)? 3. Afecta á organización escolar (estrutura e xestión dos recursos, participación, normas)?</p>
<p>3. Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia.</p>	<p>1. Alcanzáronse os obxectivos propostos no plan de convivencia? 2. O plan de convivencia deu resposta a aspectos que inciden na convivencia escolar nos tres ámbitos de actuación (aula, centro e contorno)?</p>
<p>4. Renovación do plan de convivencia.</p>	<p>1. Existe un procedemento de renovación anual do plan de convivencia? 2. O plan avalíase anualmente e fanse propostas de mellora?</p>
<p>5. Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia</p>	<p>1. Faise un seguimento periódico do plan? 2. As actividades desenvolvéronse coa temporización prevista? 3. O desenvolvemento das actividades produciu os efectos esperados?</p>

<p>6. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Cal é o grao de implicación do profesorado na prevención e resolución de conflitos? 2. Cal é o grao de implicación do persoal de administración e servizos na prevención e resolución de conflitos? 3. Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación? 4. Cal foi o grao de colaboración das familias nas diferentes actuacións de corrección levadas a cabo no centro?
<p>7. Funcionamento da comisión de convivencia do centro.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Cantas veces se reuniu ao longo do curso? 2. Cales foron os principais temas tratados? 3. Realizou o seguimento do plan de convivencia? 4. Colaborou na planificación de medidas preventivas e na resolución de conflitos no centro?
<p>8. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe a figura de coordinador da convivencia no centro? 2. Dáse resposta ás súas necesidades formativas? 3. Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento das actividades previstas no plan de convivencia? 4. Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento na aplicación do plan de acción tutorial? 5. Cal foi o grao de colaboración e coordinación do departamento de orientación e o EOE?
<p>9. Actividades formativas á comunidade educativa para mellora da convivencia.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia? 2. Cal foi a resposta e a implicación nas actividades dos diferentes sectores da comunidade educativa?

<p>10. Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen protocolos claros e definidos de actuación? 2. Recóllense nestes os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? 3. Existe un procedemento de actualización dos protocolos? 4. Os ditos protocolos son coñecidos e as versións actualizadas están á disposición de todos os membros da comunidade educativa afectados por eles?
<p>11. Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen protocolos claros e definidos de actuación? 2. Inclúen estes protocolos o illamento ou baleiro social e o acoso informático? 3. Recóllense neles os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? 4. Os ditos protocolos son coñecidos por todos os membros da comunidade educativa? 5. A dirección do centro nomea a unha persoa responsable da atención á vítima?
<p>12. Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe un protocolo? 2. Hai profesorado nomeado especificamente para a organización e atención da aula de convivencia? 3. Está elaborado, e utilízase na aula de convivencia, un programa de habilidades sociais?
<p>13. Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe máis dun procedemento conciliado de resolución de conflitos de convivencia? 2. O alumnado e as familias solicitan utilizar procedementos conciliados? 3. Cando se utilizaron os ditos procedementos, favoreceron a resolución do conflito?

<p>14. Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen protocolos de actuación ante o absentismo e o abandono escolar temperán? 2. Existen mecanismos de detección temperá nos casos de desatención familiar ou situacións externas ao centro que teñan repercusión sobre a escolarización do alumnado? 3. Entre os obxectivos do plan de convivencia recóllese favorecer os cambios metodolóxicos que potencien o éxito académico? 4. Demandáronselles propostas de actuación para a mellora do éxito académico aos departamentos didácticos e á comisión de coordinación pedagóxica? 5. Os departamentos didácticos e a comisión de coordinación pedagóxica fixeron propostas neste sentido? 6. Desenvolvéronse accións específicas encamiñadas a favorecer a inclusión e a mellora da convivencia a través do éxito académico?
<p>15. Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Está elaborado o programa de habilidades sociais? 2. Trátase de forma transversal a competencia social e cidadá? 3. Elabóranse programas nos que se traten contidos como aprender a pensar, educación emocional, educación en valores e habilidades sociais?
<p>16. Valoración global da</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Establecéronse mecanismos para medir o grao de satisfacción da comunidade educativa coa

<p>situación da situación da convivencia escolar no centro.</p>	<p>situación da convivencia no centro? 2. Cal é o grao de satisfacción da comunidade educativa en relación coa convivencia no centro? 3. Cales son as principais propostas de continuidade e mellora?</p>
---	---

Exemplificación dunha táboa para facer o informe de seguimento do plan e mesmo a avaliación final do plan de convivencia. Penso que podemos adaptar estes criterios.

CRITERIO	PUNTUACIÓN	OBSERVACIÓNS
<p>Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i></p>		
<p>Alcance do plan de convivencia. <i>Non hai plan: 0 Alcance moi amplo:10</i></p>		
<p>Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. <i>Non se cumpriu ningún: 0 Cumpríronse todos:10</i></p>		
<p>Renovación do plan de convivencia. <i>Non se renova: 0 Renóvase anualmente:10</i></p>		
<p>Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. <i>Non se desenvolveu ningunha: 0 Desenvolvéronse todas: 10</i></p>		
<p>Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. <i>Non hai implicación: 0 Implicación total: 10</i></p>		
<p>Funcionamento da comisión de convivencia do centro <i>Moi deficitario: 0 Excelente:10</i></p>		

<p>Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia Non existiu coordinación: 0 A coordinación foi moi alta: 10</p>		
<p>Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia Non existen: 0 Fixéronse un gran número: 10</p>		
<p>Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10</p>		
<p>Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situación de acoso? <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10</i></p>		
<p>Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. <i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i></p>		
<p>Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i></p>		
<p>Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i></p>		
<p>Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá</p>		

<i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i>		
Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i>		
PUNTUACIÓN TOTAL		

3. DIFUSIÓN DO PLAN:

O plan de convivencia do centro, unha vez aprobado polo consello escolar, pódese consultar na web do colexio para que toda a comunidade educativa poida acceder a el e poida asumilo. Igualmente están a NOF e a Concreción do Plan Anual. É un documento que se pode consultar na páxina web do centro ao igual que a NOF e o Plan Anual.

O equipo directivo do centros levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

A comisión de convivencia garantirá esta difusión, considerando entre as posibles canles para isto as seguintes:

- ▶ Consello escolar.
- ▶ Titorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- ▶ Reunións da xunta de delegados.
- ▶ Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura no contorno do centro educativo.
- ▶ AMPA do centro ou dos centros educativos do contorno.

Os medios para levar a cabo esta difusión poderían ser:

Reunións informativas, comunicacións escritas, sesións de traballo titorial, asembleas...